



IESCHA

<http://estudoschairegos.wix.com/iescha>  
estudoschairegos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 VILALBA (LUGO)

## EXPOSICIÓN

# ESCRITOS NA FLORESTA

**Árbores senlleiras na cultura chairega  
de Ricardo Polín**

VENRES, 12 DE DECEMBRO DE 2014 ÁS 20:30 HORAS  
NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudios Chairegos, en colaboración co Departamento de Galego do Instituto Basanta Silva e coa financiación da Área de Cultura-Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, organiza para o vindeiro venres, día **12 de decembro de 2014**, ás **20:30** horas, o acto de inauguración da exposición "**Escritos na Floresta-Árbores senlleiras na cultura chairega**", da que é autor **Ricardo Polín**, que será o encargado de levar a cabo a presentación da exposición. Intervirán tamén **Xosé Manuel Carballo**, que colaborou na mesma, e **Manuel Castro Santamariña**, presidente do Iescha. O acto incluirá, así mesmo, un pequeno recital poético-musical, denominado "**Albre**" con poemas e comentarios alusivos á simboloxía das árbores na cultura chairega e universal, e no que actuará a violonchelista **Paula Rancaño**, licenciada no Conservatorio Superior de Madrid.

A mostra está composta por un total de 56 paneis, de 1,20x0,80, que recollen outras tantas árbores senlleiras de distintos sitios da Terra Chá. Os paneis están repartidos en tres seccións distintas, identificadas coas *aneis* que miden a vidaa das árbores. Cada Anel, representa un conxunto de árbores clasificadas. Así, poderemos contemplar o ANEL "**A RAÍZ**", correspondente ás **ÁRBORES HISTÓRICAS**; o ANEL "**O TRONCO**", con **ÁRBORES MONUMENTAIS**, e o ANEL "**AS PÓLAS**", coas **ÁRBORES LITERARIAS**. Cada panel vai acompañado de fichas culturais específicas sobre cada unha destas árbores sen par.

O deseño e a maquetación dos paneis son obra de Arturo Gómez Mato, e a achega cartográfica, de Antonio Figueroa.



"No corazón da Terra Chá, unha previsora anciá da casa da Quinta de Folgoso facía manda á espera do derradeiro tránsito: - Senón que vos vexades moi necesitados, non vendades os carballiños do Curral..."

O pótico poético da Biblia chairega conta "mil arbres" baixo este ceo chumbo dominio da "soedá".

Hai unha relación simbiótica que proxecta as árbores no ser humano e viceversa. Árbores vivas como símbolo dunha cultura vizosa; árbores mortas como eficie alegórica da nación destruída.

Polo horizonte da Chaira, no ermo da xente afeita a camiñar sen abeiro, son as árbores senlleiras o mastro que fai de guía. Son palanca do palleiro e armazón das esencias, as árbores da nosa vida.

Polo feito de arraigar, son emblema da paisaxe, experiencia compartida: raíz da inmortalidade colectiva. Romántica metáfora da vocación nacional, árbores da cultura. Raíces que penetran esta Terra e nutren aquelas follas que florecen nunha nova primavera." (RICARDO POLÍN)

A exposición estará aberta ao público dende o día 12 de decembro de 2014 -inauguración- ata o 11 de xaneiro de 2015, no horario habitual do Auditorio Municipal.